

PARTICIPACIÓN DE AGRICULTORES/AS EN FIGURAS DE CALIDADE (DENOMINACIÓNS DE ORIXE E AGRIC. ECOLÓXICA)

ORDE do 18 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018.

Link ó DOGA: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180109/AnuncioG0426-181217-0001_gl.html

ÓRGANO QUE RESOLVE

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

BASES REGULADORAS

Beneficiarios (art. 3)

- Agricultores/as (apicultores/as) en activo inscritos por primeira vez nunha Denominación de Orixe (vgr. Mel de Galicia) ou que comece coa agricultura ecolóxica.

** quedan fora as explotacións de autoconsumo.

- A inscrición das figuras de calidade ou no réxime de agricultura ecolóxica debe facerse entre o 18 de novembro de 2015 (data de aprobación do PDR) e o remate da convocatoria en curso (15 de maio de 2018).

Gastos subvencionables (art.4)

Os gastos de inscrición e a cota anual de participación.

100% destes gastos durante 5 anos sen superar 3.000 € anuais por explotación.

Puntuación para a concurrencia competitiva (art.5)

1)

30 ptos: primeira inscrición nunha denominación de orixe.

20 ptos: paso a agricultura ecolóxica (35 €/colmea) cuestión da contía ver PDR Galicia 2014-2020 páxina 551

10 ptos: inscrición noutras figuras de calidade.

2)

5 ptos no caso de figuras de calidade con menos de 10 anos de antigüedad.

3)

5 ptos por participar en máis dun réximen de calidade.

4)

5 ptos explotación en zona de montaña

5)

5 ptos no caso de ser muller.

6)

5 ptos no caso de ser agricultor mozo/a (menos de 4

Incumplimento (art. 15)

Se o beneficiario da axuda cumpre as condicións establecidas na resolución de concesión, executando e xustificando todos os conceptos dos gastos aprobados nos prazos establecidos, e cumpre co resto dos requisitos da resolución de concesión, procederá a aboarse a totalidade da subvención concedida.

Presentación de solicitudes e notificacións

- A presentación telemática é obrigada para as persoas xurídicas e elixible para as persoas físicas.
- Notificacións da Xunta: cursaránse vía telemática cando se este obrigado a presentalas deste xeito. Noutro caso, o solicitante pode elixir cómo ser notificado, telemáticamente ou vía tradicional.

CONVOCATORIA 2018**Prazo (art.22)**

O prazo para a presentación de solicitudes está aberto dende decembro de 2017 e **remata o 15 de maio de 2018.**

Gastos imputables (art.23)

Para a convocatoria de 2018, serán atendibles os gastos imputados á campaña que vai do 1 xuño de 2017 ao 30 abril 2018.

Documentación

- Solicitud (Anexo I)
- No caso de solicitantes persoas xurídicas, documentación acreditativa da condición de representante da persoa que asina a solicitude.
- Certificación do consello regulador correspondente que acredite que se trata dun agricultor que participa, por primeira vez, no réxime de calidade e indique a data de incorporación ao dito réxime. Poderase utilizar o modelo de certificación que figura no anexo II.
- No caso de agricultores que solicitan a axuda por iniciar a actividade nunha novan orientación produtiva en agricultura ecolóxica, certificación do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) conforme esta nova orientación produtiva acada a dimensión mínima que se establece no anexo III. Poderase utilizar o modelo de certificación que figura no anexo IV.

- No caso de solicitantes que participan nalgún outro réxime de calidade, certificación do consello regulador correspondente que acredite a súa inscrición. Poderase utilizar o modelo de certificación que figura no anexo V.

Solicitude de pagamento (art. 13)

Realizados os gastos presentarase ante a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias a seguinte documentación:

- Solicitude de pagamento, conforme o formulario do anexo VI.
- Xustificantes dos gastos efectuados: facturas ou documento de valor probatorio equivalente, cunha relación numerada delas, así como a documentación que acredite o seu pagamento.

Todos os anexos e modelos na Secretaría Virtual da Xunta (copia e pega este link):

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR362A&ano=2018&numpub=1&lang=gl>

Resolución do proceso e xustificación de gastos (art. 12)

- Resolverá persoal da Consellería do Medio Rural nun prazo máximo de 5 meses dende o remate do prazo para facer a solicitude. (ie máx. 5 outubro 2018) A falta de contestación por parte da Xunta implica desestimación da solicitude por silencio administrativo.
- O prazo para xustificación de gastos será o establecido na resolución de concesión (que será notificada ó solicitante pola vía elixida).

GASTOS ATENDIBLES

Realizados na campaña que vai do 1 xuño 2017 a 30 abril 2018.

SOLICITUDE

Ata 15 maio 2018

RESOLUCIÓN XUNTA

máx. 5 outubro 2018

Notificación: concesión

Indicará o prazo máx. para presentar a solicitude de pagamento e a xustificación de gastos.
